

Xosé Ramón Pena, escritor: "Todas as persoas participamos na cuestión dos límites da experiencia humana"

A *Boca de Krishna* (Aira Editorial), de Xosé Ramón Pena (Betanzos, 1956), repasa a historia recente da Galiza a través da historia persoal dos irmáns Ernesto e Clara Estévez. O recoñecido autor aproveita esta relación para afondar en cuestións como os límites da experiencia e o coñecemento humano.

Sergio Casal

17 de xullo de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/xose-ramon-pena-escriptor/20260717080404262162.html>

—A novela enfronta a razón científica coa crenza en extraterrestres a través de Ernesto e Clara. De onde xurdiu ese contraste?

O punto central da novela ten que ver máis cun segredo familiar que involucra toda a familia e que une e desune os protagonistas. O segundo apartado da novela é o feito de que ambos están inmersos na cuestión da existencia ou non da vida extraterrestre desde diferentes visións. El é astrofísico e ela non, pero é afeccionada á ufloxía. Eu quería formular nesta relación os límites da experiencia e do coñecemento humano.

—O título remite a un episodio da tradición hindú. Por que escolleu esa imaxe para titular o libro?

Isto é algo que se descubriera lendo o libro. Faise referencia a este relato tanto ao comezo como ao final da novela e, por non adiantar acontecementos, convido a xente a lelo.

—Como atravesan as diferentes etapas vividas por Ernesto á novela?

A trama vai desde os anos setenta até 2016. Ernesto, o que narra, son fragmentos da súa memoria. Ao inicio está escribindo no ano 2016 e remóntase a 1972, que é un ano no que suceden dúas cousas importantes para el: primeiro, é un momento no que pasa á idade adulta e que coincide cos acontecementos de Ferrol de 1972 que el vive directamente pola profesión do pai, que é militar; despois, tamén se desenvolve ao inicio da novela a situación das revoltas estudiantís en Compostela a finais do franquismo, a Revolución dos Cravos e demais. Ademais, é unha época na que a cuestión da ufloxía estaba en plena actualidade.

—O protagonista descende de avós enfrontados na Guerra Civil. Como fala esa orixe familiar da memoria recente da Galiza?

Os dous avós son da mesma aldea e tiveron unha experiencia común en África durante a Guerra do Rif. Despois, durante a Guerra Civil, teñen un enfrontamento ideolóxico. A relación entre eles é complexa, pois a pesar dese enfrontamento, son persoas que se entenden e que teñen as mesmas opinións noutras moitas temáticas. A novela está baseada en personaxes reais ficcionalizados e as historias teñen todas un marco absolutamente real que fala desa memoria colectiva.

—Como convive a súa faceta máis académica coa da narrativa de ficción?

Non é algo planificado. Sucede desde os inicios. Desde que comecei a escribir, sempre cultivei as dúas direccións. Para min é algo que xorde de maneira natural e que continúa ata o día de hoxe.

—Que agarda que a persoa lectora atope cando se asome a *A Boca de Krishna*?

É un tipo de literatura moi xeracional. Creo que as persoas próximas á miña idade verán un reflexo da súa historia desde a súa propia perspectiva. Atoparán elementos da súa propia biografía, non tanto por ter vivido isto eles mesmos, senón por formar parte dos acontecementos en sentido amplo: estaban alí como observadores, tal e como me sucede a min.

Independentemente da idade que teñamos, todas as persoas participamos nesa cuestión dos límites da experiencia humana e, desde ese punto de vista, agardo que calquera persoa poida entender o relato dos eventos que se contan.